

# PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP NOSA SEÑORA DA PIEDADE

CURSO 2020/21

## *ÍNDICE*

INTRODUCCIÓN .....	3
ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO .....	3
ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL .....	5
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE PRESENCIAL .....	8
ANEXO I. HORARIOS ESPELLO .....	9
ANEXO II. MODELO PRÉSTAMO EQUIPAMENTO .....	15

## **INTRODUCCIÓN**

O Plan de Continxencia do CEIP NOSA SEÑORA DA PIEDADE ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO.**

- ✓ Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que:
  - Teñan síntomas compatibles con COVID-19
  - Se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19
  - Estean en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada con COVID-19
  - Persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
  
- ✓ Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid -19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamene elaborado:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á aula Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira de tapa e pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
  - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso debe levar o material de protección adecuado:
    - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
    - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95,

poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da pantalla.

Se coincidise no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos restantes agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 debe estar formada na utilización dos equipos de protección individual e o no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a actuación dun caso sospeitoso.

- ✓ Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/a traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- ✓ No suposto da aparición dun caso no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellado ao centro educativo.
- ✓ A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
- ✓ Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- ✓ A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará á comunidade educativa, sen prexuízo da información que seca facilitada pola autoridade sanitaria.

- ✓ A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
- ✓ A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- ✓ A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo (versión 4-11-2020), na resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de resto a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.**

- ✓ O mesmo día do peche:
  - A dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMobil e publicará unha nova na web do centro.
  - O profesorado habilitará na aula virtual recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias a través de abalarMóbil ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
- ✓ O equipo COVID do centro, identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- ✓ A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
- O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, **no caso de dispoñer deles**, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da Xefatura Territorial.
  - Unha vez atendidas as necesidades iniciais a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades prioritizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
  - Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
  - Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo establecido (Anexo II). Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche a dirección do centro educativo recadará de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.
  - O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.
  - Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, **no prazo máximo de 3 días** deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.
  - Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

- ✓ Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación co contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 e no apartado e das Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).
  
- ✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado **preferentemente** a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles achegados polo profesorado, dos que poña a disposición a Consellería ou outros existentes na rede que se consideren axeitados para o nivel educativo en que se van traballar. Igualmente o/a profesor/a poderá propoñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma do seguinte xeito:
  - O profesorado habilitará na aula virtual recursos e actividades e dará orientacións ás familias (a través da aula virtual ou de abalarMóbil)
  - Durante o período que dure o confinamento cada mestre/a fará reunións virtuais e levará a cabo actividades telemáticas nas horas e días establecidos no horario espello, coincidindo sempre co momento que lle correspondería impartir a docencia presencial. ( de 3º a 6º nivel de Educación Primaria.) Nos niveis restantes as reunións virtuais faranse de xeito puntual.
  - O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo terá atención individualizada por parte dos/as mestres/as especialistas Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. As sesións levaranse a cabo a través de videoconferencias ( onde unicamente se conectarán cos/coas especialistas correspondentes) e traballo individual.
  - Empregaranse medios corporativos da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir ao mesmo tempo a unificación a nivel de centro.
  - As actividades centraranse nos contidos mínimos para afianzar aprendizaxes básicas e serán avaliábeis.
  - Os/as mestres/as que impartan docencia no grupo no que se suspenda a actividade presencial farán rexistro de participación do alumnado na aula virtual e nas videoconferencias e comunicarán as ausencias ao profesor/a titor/a de xeito semanal.

Este/a será o encargado/a de comunicarse coas familias para trasladarlle as ausencias por vía telefónica. De persistir a situación comunicáraselle a Xefa de Estudos.

- O horario de atención a pais/nais/titores/as legais do alumnado tamén está recollido nos horarios espello e respecta as medidas especificadas no punto 15 do Plan de Adaptación.
  - Empregarase como canle habitual para intercambio de información coas familias o teléfono do centro. Se as circunstancias obrigan a que a chamada teña que ser desde o teléfono persoal farase con número oculto.
- ✓ Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

#### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.**

- ✓ Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial, seguindo as orientacións das autoridades educativas e sanitarias.



## *Anexo I*

Segundo o establecido no Plan de Ensino Virtual da Consellería de Educación e na Resolución Conxunta da Secretaría Xeral técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional os **HORARIOS ESPELLO** que se especifican a continuación para **3º, 4º 5º e 6º** nivel de Educación Primaria regularán a actividade lectiva non presencial en caso de confinamento.

•HORARIO DE 3º DE PRIMARIA

	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50- 09:20 (VIDEOCONFERENCIA)	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS
09:20-09:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
09:45- 10:15 (VIDEOCONFERENCIA)	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA GALEGA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA GALEGA
10:15-10:40 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
10:40-11:10 (VIDEOCONFERENCIA)	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS
11:10-11:35 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
11:35-12:05	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
12:05-12:35 (VIDEOCONFERENCIA)	RELIXIÓN/ VALORES	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ
12:35-12:55 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
12:55-13:25 (VIDEOCONFERENCIA)	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	PLÁSTICA
13:25-13:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
15:30-16:30			TITORÍA DE PAIS/NAIS		

•HORARIO DE 4º DE PRIMARIA

HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:20 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>
09:20-09:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
09:45-10:15 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>
10:15-10:40 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
10:40-11:10 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>ED. FÍSICA</b>	<b>ROBÓTICA</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>MÚSICA</b>
11:10-11:35 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
<b>11:35-12:05</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>
12:05-12:35 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>RELIXIÓN/VALORES</b>	<b>ED. FÍSICA</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>CIENCIAS NATURALS</b>
12:35-12:55 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
12:55-13:25 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>INGLÉS</b>	<b>CIENCIAS NATURALS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>PLÁSTICA</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>
13:25-13:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
15:30-16:30			<b>TITORÍA DE PAIS/NAIS</b>		

•HORARIO DE 5º DE PRIMARIA

HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50- 09:20 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>
09:20-09:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
09:45-10:15 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>INGLÉS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>
10:15-10:40 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
10:40-11:10 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>RELIXIÓN/ VALORES</b>	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>
11:10-11:35 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
<b>11:35-12:05</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>
12:05-12:35 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>CIENCIAS NATURAIS</b>	<b>MÚSICA</b>
12:35-12:55 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
12:55-13:25 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>CIENCIAS NATURAIS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>PLÁSTICA</b>
13:25-13:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
15:30-16:30			<b>TITORÍA DE PAIS/NAIS</b>		

•HORARIO DE 6º A DE PRIMARIA

	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:20 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>
09:20-09:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
09:45-10:15 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>RELIXIÓN/ VALORES</b>	<b>CIENCIAS NATURALS</b>	<b>ROBÓTICA</b>
10:15-10:40 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
10:40-11:10 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>
11:10-11:35 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
<b>11:35-12:05</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>
12:05-12:35 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>INGLÉS</b>	<b>MÚSICA</b>	<b>PLÁSTICA</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>
12:35-12:55 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
12:55-13:25 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>CIENCIAS NATURALS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>
13:25-13:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
15:30- 16:30			<b>TITORÍA DE PAIS/NAIS</b>		

•HORARIO DE 6º B DE PRIMARIA

HORA	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:20 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>
09:20-09:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
09:45-10:15 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>CIENCIAS NATURAIS</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>
10:15-10:40 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
10:40-11:10 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>INGLÉS</b>	<b>MÚSICA</b>	<b>RELIXIÓN</b>	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	<b>ROBÓTICA</b>
11:10-11:35 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
11:35-12:05	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>	<b>DESCANSO</b>
12:05-12:35 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	<b>INGLÉS</b>	<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>INGLÉS</b>
12:35-12:55 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
12:55-13:25 (VIDEOCONFERENCIA)	<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ</b>	<b>PLÁSTICA</b>	<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>CIENCIAS NATURAIS</b>
13:25-13:45 (TRABALLO INDIVIDUAL)					
15:30-16:30			<b>TITORÍA DE PAIS/NAIS</b>		

## Anexo II

Eu, D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_ do centro educativo \_\_\_\_\_ recibín en réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

E para que así conste, asino este documento

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Entregado ao centro educativo con data \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_